

Tallón pecha unha etapa literaria con “Fin de poema”

C.V. - | 05 de Xuño de 2013



Juan Tallón

A morte e o fin da poesía. Juan Tallón recompón o derradeiro día da vida de Cesare Pavese, Anne Sextos, Gabriel Ferrater e Alejandra Pizarnik en *Fin de poema*, obra coa que gañou o Premio Manuel Lueiro Rey e que presenta en Compostela. Dá por pechada así unha etapa literaria. Sabe cara onde camiña mais non como, confésanos.

Presenta Juan Tallón en Compostela, na librería Couceiro hoxe día 5 ás 20 horas, o seu novo libro *Fin de poema* (Sotelo Blanco) cando se anuncia na rede un título máis *El váter de Onetti*, que en horas estará en librerías. Entre tanto, Tallón

adiantou as primeiras trinta páxinas na rede e iso, sen el o querer, fai ben máis difícil chamalo para falar de *Fin de poema*. Tallón confesa aversión polas entrevistas e presentacións e relata todas as que lle fixeron despois da publicación de *A pregunta perfecta*. Mesmo así atrevémonos a chamar e preguntar nunha que anunciamos como non-entrevista, non vaia ser.

Tallón relata en *El váter de Onetti* o pouco que lle gusta promocionar os seus libros e mesmo relelos unha vez finalizados. Memos así, responde con singular amabilidade, mesmo tirándolle ferro ao relato autobiográfico deitado nesas trinta páxinas que botarían para atrás a calquera xornalista que ousara erguer o teléfono para lle preguntar, “Por que escribe?”. Certo é que a pregunta non ven a caso con Juan Tallón, a literatura, como diría o poeta, vénlle de dentro e nótase mesmo en toda a metaliteratura coa que adubía mesmo as súas novelas.

“Con *A pregunta perfecta* e *Fin de Poema* nalgunha medida entendo que pecho unha etapa na que a literatura é material narrativo da miña propia literatura. Acontece isto polo interese que teño por descubrir o meu propio traballo como escritor. Os outros sêvenme para traballar comigo mais se non pechei, si entornei esta etapa” explica, despois de poñer en literatura “o caso Aira-Bolaño” e aventurarse agora con catro poetas que son, ao tempo, catro mitos da nosa contemporaneidade.

“O escritor escribe e paréceme que aí conclúe a súa tarefa. Un autor é tamén un tipo que vai para a súa casa e cala”

Confesa que escribe o que lle fai feliz e adéntrase así no seu imaxinario literario, nas figuras de poetas que

buscaron unha morte trágica cando o fin da poesía era un feito. Se algo une a Cesare Pavese, Anne Sexton, Gabriel Ferrater e Alejandra Pizarnik é a poesía e o suicidio e son estes os dous elementos cos que Tallón constrúe a obra que lle valeu o premio Lueiro Rey de novela curta na súa recente edición. Non é a primeira vez que o autor visita a historia literaria para o seu traballo creativo. Aconteceu xa en *A pregunta perfecta*. (O caso Aira-Bolaño) e regresa de novo nese *El váter de Onetti*, o seu primeiro libro publicado en español, aínda que o autor quere explicar que o orixinal está escrito en galego e ao non ser publicado adiantouse a tradución en Edhasa.

Liberar unha ferida

Nesta nova obra, Tallón relata no inicio en primeira persoa o abandono do xornalismo e disecciona o oficio de escritor, para alén mesmo do feito creativo. “Máis alá de telas escrito, non tiña grandes cousas que dicir sobre a novela, aínda que fose miña. Precisamente por ser miña. O escritor escribe e paréceme que aí conclúe a súa tarefa. Un autor é tamén un tipo que vai para a súa casa e cala” anota nesas primeiras páxinas de *El váter de Onetti* onde a metaliteratura está de novo presente. “Se por min fose, evitaría calquera glosa sobre o que eu mesmo escribo. Prohibiría as promocións. Ao menos, prohibiría as miñas” sinala dunha posición que posibelmente explique nas presentacións de *Fin de poema*, o libro que o trae de novo a Galiza.

“Cando un escolle para este proxecto literario a estes catro autores suicidas non se fai gratuitamente. Son escritores que me estiveron “molestando” moitos anos e co libro arrinco a astilla, libero a ferida. Non pasan en balde por min” apunta, explicando a orixe de *Fin de poema*. En certa medida, nos catro, o fin da literatura, do poema, da creación, significa tamén o fin da vida e esa é a teoría que defende Tallón na novela. “Trato de desenvolver a idea de que os catro deciden matarse cando advirten que a poesía acabara para eles, o fin do verso. Deixaron de escribir e produciuse un silencio insoportábel, desapareceu esa baranda á que se agarraban para con caer no baleiro. No momento no que xa non está perderon o equilibrio e carón”, afirma para explicar o trágico desespero da ausencia de literatura-vida. Ten, malia iso, o autor vontade de defende que non é ese o único camiño, noutros casos “chegou o momento de calar e calaron” e bota man do inmenso Juan Rulfo para quen a vida continuou despois da escrita e a súa literatura perviviou para sempre. Aspiración esta de todo escritor, “que os seus textos sexan quen de facer felices ás persoas mesmo despois de mortos os seus autores”. Outravolta, vida e literatura, sobre os que Tallón reflexiona a cada pouco.

"Trato de desenvolver a idea de que os catro deciden matarse cando advirten que a poesía acabara para eles, o fin do verso"

Co proxecto, a morte

Sen embargo, falar con Tallón da súa obra e do seu proxecto literario é fácil e do mesmo xeito que el mostra admiración polos mitos da literatura, o escritor atopa agora os seus seguidores na rede, algúns entusiastas. “Teño catro que fan confianza nos meus textos, non son moitos mais están dispostos a acompañar a miña obra até onde se dirixa, por veces mesmo por lugares nos que non sabes se hai saída”.

O escritor confesa que ten un proxecto literario. Non sabe por onde camiñará mais si onde quere chegar. “Non sei como chegar e iso é importantísimo. Non traballo con mapas senón con brúxulas e niso ando” comenta. Di que escribe o que lle gusta escribir e niso síntese afortunado. “Se tes un proxecto tes que ir con el a morte”, de novo vida e literatura.

Gabancioso ao afirmar que só se as cousas veñen moi mal dadas volvería a unha redacción, en conversa,

Tallón é moito máis matizado. “Continúo a facer xornalismo mais non me gustaría volver a unha redacción. Paseino mal e marchei moi farto. Agora tómome tempo e iso é unha felicidade. Cada artigo leva o que eu decido e pódome permitir escoller o que fago” comenta, contento de estar nunha situación que desexa case toda persoa que estea no oficio.

Despedímonos e Tallón volve matizar a súa aversión ás promocións que, no fondo, tampouco é tan afiada. “Prodúceme certo fastío, pásao mal e cústame falar de meus libros. No momento no que me poño a pontificar sobre a miña literatura sei que todo vai ir a peor. Sería fantástico que se promocionaran os libros por si só” apunta mais, como non vai poder ser, polo de agora responde con suma amabilidade ás preguntas sobre a súa literatura.

You can see this article in the next direction <http://www.sermosgaliza.com/artigo/cultura/tallon-pecha-unha-etapa-literaria-con-fin-de-poema/20130605165436015780.html>